

## CANTO DE VODA DE DONÍS, CERVANTES, LUGO.

Inés Rodríguez

AI, DESPÍDETE MOCIÑA  
AI, DA CASA DOS TEUS PAIS  
QUE ESTA É A ÚLTIMA VEZ  
QUE DELA SOLTEIRA SAES

AÍ VEÑEN OS DA VODA  
AÍ VEÑEN OS RUANTES  
AÍ VEÑEN OS DA VODA  
TODOS MOZOS ELEGANTES

AI, O NOIVO DESTA VODA  
TEN UNHA ESCADA DE PEDRA  
BEN A PODÍA TER D'OURO  
E DE PRATA SE QUIXERA

SOLTEIRA QUE CHE PUXERON  
O VEO DO MATRIMONIO  
QUEIRA DEUS QUE NON CHE PESE  
E TAMPOUCO Ó SEÑOR NOIVO

ESTÍMAA CABALEIRO  
BEN A PODES ESTIMAR  
QUE LEVA-LA MELLOR MOZA  
QUE HABÍA NESTE LUGAR

VIVA O NOIVO E VIVA A NOIVA  
E O CURA QUE OS CASOU  
O PADRIÑO E A MADRIÑA  
OS CONVIDADOS E NÓS

SOLTEIRA FUCHES A IGREXA  
AGORA XA VES CASADA  
XA NON PODES DESFACER  
O NÓ DESTA LAZADA

FUCHES A MISA ONTE A TARDE  
AI, CO CABELO TENDIDO  
AGORA XA VES CASADA  
Ó LADO DO TEU MARIDO

DETEÑA SEÑOR PADRIÑO  
DETEÑA ESE CABALO  
DEIXE DESPEDI-LA NOIVA  
AS MOCIÑAS DO SEU BANDO

DESPÍDETE QUERIDIÑA  
AI DAS MOZAS DO TEU BANDO  
BOTA UN PANO ÓS OLLOS  
NON TE DESPIDAS CHORANDO